

1 9 0 3  
Anxel Cole

1 9 8 6

UNHA FOTOBIOGRAFÍA

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Colaboracións


FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

XOSÉ DE CORA

LUÍS ALONSO GIRGADO

ARMANDO REQUEIXO

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA SA



Edición especial para o  
**Día das Letras Galegas 1997.**

ano de Anxel Fole,  
realizada por Edicións Xerais de Galicia  
e a Consellería de Cultura e Comunicación  
Social - Dirección Xeral de Promoción Cultural.

Acompañada de Multimedia CD-ROM PC:  
*E falando de Fole.*

Deseño base da colección  
**Re-Visión / Pepe Barro**

Deseño e maquetación  
**Salvador G.-B. Pereira**

Coordinación da edición:  
**Xosé Cid Cabido**

Producción:  
**Xosé Manuel García Crego**  
**Teresa Rodríguez Martínez**

Colaboración na documentación:  
**Olga Novo**

Reproduccións fotográficas  
e retratos medidos para a *Arqueoloxía*:  
**Eduardo Rodríguez Ochoa**

© Edicións Xerais de Galicia, S. A.  
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

ISBN: 84-8302-116-1

Deposito Legal: M.13-351-1997

Printed in Spain

Impreso en **Lavel**, S. A.

Pól. Ind. Los Llanos, Gran Canaria, 12  
HUMANES (MADRID)

*Reservados todos los derechos. O contido desta obra  
está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución,  
plaxeo, distribución ou comunicación pública,  
en todo ou en parte, desta obra literaria, artística  
ou científica, ou a súa transformación,  
interpretación ou execución artística fixada  
en calquera tipo de soporte ou comunicada a través  
de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

O material gráfico desta fotobiografía foi fundamentalmente reunido a partir do arquivo particular de Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, coa inestimable contribución da familia de Anxel Fole, en concreto dos seus sobrinos Concha e Emilio Fole Otero e Gabriela Fole Nieto, así como da filla desta, María Aurora Pérez-Carro y Fole, que moito agradecemos. Non obstante, resultou tamén complementariamente decisiva a colaboración concreta prestada por outras persoas e entidades ás que tamén damos as grazas pola súa colaboración: Francisco Fernández del Riego, Nestós Alonso Montero, Siro López, Carlos Casares, Armando Requeixo, Olga Novo, Eduardo Rodríguez Ochoa, Xosé Manuel del Caño e o xornal *El Progreso*. Finalmente, queremos agradecer a amabilidade dos moitos máis que molestamos cos nosos requirimentos, aínda que pola razón que fose non chegarán a axudarnos.

## VIAXES CON ANXEL FOLE

Manuel Rodríguez López


EDICIÓS DO CASTRO  
*serie testemuña*



Libro de reportaxes  
sobre excursións.




Con Manuel Rodríguez López  
en San Martiño de Mondoñedo.




Con Manuel Rodríguez López  
no mosteiro de Oseira.

Ante o pazo de Romeán con  
Benxamín Andrade e os mozos  
Enrique e Xulián, fotografados  
por Manuel Rodríguez López.



Con Benxamín Andrade  
en Santa Eulalia de Bóveda.

Dedicándolle un libro, na súa casa,  
a Manuel Rodríguez López.





As abundantes expresións supersticiosas que atopamos na narrativa de Fole, dan idea das existentes na fala do pobo galego, polo que aparecen recollidas en calquera etnografía de Galicia.

Os nomes, figura, propiedades e pauto do demo que atopamos constantemente na obra foleana, están documentados nas obras de Rodríguez López e Risco.

A figura do trasno, tal como se describe na obra de Fole, está contrastada coas das etnografías de Taboada e Fraguas.

Os diversos tipos de aparicións están recollidas e estudiadas nas etnografías galegas en xeral, nas que se rexistran pantasmas, mortos, esqueletos e animais pantasmagóricos, sen dúbida as máis coñecidas e creidas polo pobo,

tal como atestigua a obra foleana.

Fole presenta un elevado número de experiencias premonitorias, proceden na súa maior parte de testemuñas reais e que poden ser facilmente contrastadas nos estudos etnográficos de Galicia.

Pola contra, as alucinacións son de variada procedencia imaxinaria. En canto á telepatía e ao sentido -x- parecen provir do seu interese pola parapsicoloxía, fonte de anécdotas e dos seus contos.

Os numerosos casos de lendas míticas que presenta Fole, como os protagonizados pola Sta. Compañía, a Estadea, o Urco, os xigantes ou os alláparos, están abundantemente documentados nas etnografías de Rodríguez López, Taboada, Fraguas, Risco, e nos estudos realizados sobre a obra de Fole por Rodríguez Fer.

Frente a estes, atopamos referencias aos gnomos, fadas e elfos, que non podemos contrastar nas citadas etnografías, senón que temos que recurrir á literatura e mitoloxía fantástica extragalega.

En cambio, as creencias sobre tesouros ou sobre o Ciprianiño están documentadas en Galicia por González Reboredo, Risco ou Taboada, así como por unha abundante literatura da que é mostra preeminente Alvaro Cunqueiro.

Como resume, pódese face-lo inventario xeral da procedencia de tódolos elementos. Así, resulta que a inmensa maioría son de procedencia galega (bruxas, meigas e sabias, menciñeiros e compostores; maleficios; propiedades máxicas de animais, cores, números e días; expresións supersticiosas; presenza do demo e do trasno; aparecidos e premonicións; lendas míticas, etc.). Frente a eles encontramos moi poucos de procedencia foránea, xeralmente integrados na narrativa de Fole por vía literaria extragalega (así, a telepatía, o sentido x, os gnomos, as fadas e os elfos).

En suma, o trasmundo de Fole, clave temática de toda a súa obra, está formada basicamente por elementos de carácter galego e popular, como se pode contrastar nos estudos etnográficos existentes sobre Galicia. Non obstante, existe tamén unha máis exigüa presenza de fenómenos parapsicolóxicos e fantásticos de filiación extragalega e procedencia máis ben literaria.

(Tareixa Castro, *O trasmundo de Adriel Fole*, 1987)

X O S É  
F O L E X O R N A L I S T A  
S E I S D É C A D A S D O S É C U L O X X  
D E C O R A

A actividade xornalística de Fole abrangue case que por completo seis décadas, comprendidas entre 1928, data do seu primeiro artigo no xornal *La Provincia*, e o 19 de marzo de 1986, sete semanas antes do seu pasamento, cando *El Progreso* publica a súa derradeira colaboración. Nestes cincuenta e oito anos, Fole produce unha morea de traballos xornalísticos que conforman un corpus bastante máis abondoso cá súa produción literaria, e que arestora soamente foi recollido nunha mínima parte na escolma do *Cartafolio de Lugo*, que o Círculo das Artes editou en 1981.

Juan Soto resume a obra de Fole na prensa con esta enumeración de contidos: “juveniles proclamas partidistas, costumbrismo, etimoloxías, crónicas de viaxes por Galicia, semblanzas de amigos, crítica indulgente, recuerdos, autorizadas y amables lecciones.”

Como ten escrito Ramón Villares nunha atinada análise do labor xornalístico de Fole, os seus artigos falan máis das *stories* cá da *history*, ou sexa, falan máis dos acontecementos/sentimentos preto da xente, ca das estruturas do poder e das “grandes liñas evolutivas dunha cidade”. E sempre cunha actitude didáctica comprensiva e amable, quizais seguindo o obxectivo perseguido por Arturo Cuadrado ó definir a revista *Resol* como un instrumento que puña a arte ó alcance dos mariñeiros e dos labregos.

Fole inaugura as súas colaboracións na prensa cun artigo para *La Provincia* cando conta vintecinco anos (1928). Á fronte do xornal lugués está Nilo Fernández Castro, que viña de substituír como director a Manuel Amor Meilán e con quen Fole coincidirá en Vigo anos despois nunha época de altas e baixas na economía doméstica de Fernández Castro, circunstancia que fixo exclamar ó seu amigo Rey Barral: “Vaya, vaya, se trata de un Nilo con crecidas periódicas”.

Nas páxinas de *La Provincia*, do que foron redactores Juan Ramón Somoza, Caamaño e Francisco Lamas, o alcalde de Lugo no 36, publica tres artigos enviados desde Valladolid; un deles, o primeiro, sobre o terceiro centenario da morte de Góngora (17-I-1928), e outro sobre un recital de Alberti ó que asistiu na cidade do Pisuerga.

En *La Provincia*, xornal que nunha biografía de Fole aparece citado como *La Providencia*, colaboraba tamén o seu profesor de Literatura, Ángel Revilla Marco, autor do folletín *Dionisio el presidiario*.

Daquela Fole publica en *Horizontes* un feixe de artigos de tipo político asinados co pseudónimo de Bacurín en homenaxe á parroquia laguesa de San Miguel de Bacurín, pero que algún dos seus biógrafos transformou nun inexistente Bakunin, se cadra pola similitude fonética e polo carácter panfletario do seu contido. Tempo despois é o propio Fole quen rexeita eses traballos, non polo seu filocomunismo, senón pola súa demágoxia.

No ano 1929 comeza a colaboración en *El Progreso* cun traballo sobre Unamuno, aínda que esta non sería moi intensa ata despois da guerra. O nacemento do “Cartafolio de Lugo” corresponde ó 1 de xaneiro de 1932, cando Fole publica nese xornal “Las veinticuatro horas lucenses de Mabilie de Poncheville”. Pouco despois aparece o personaxe don Fabulón Ferreiro, alter ego do escritor, comerciante en antigüidades e mestre do humorismo. A don Fabulón adxudícalle Fole a autoría do *Tratado de M-ego*, un ensaio sobre o humorismo, o *Diccionario del Chiste* e a *Arte Magna de la Risa*, así como a *Magna Crónica de Lugo*, de Farruco de Caldas, discípulo predilecto de don Fabulón.

A creación dun Lugo que vive, fala e pensa sempre na fronteira da realidade, cuns personaxes históricos e outros imaxinarios, é unha das maiores aportacións de Fole no eido xornalístico. Para conseguilo, multiplica os Foles e os sobrenomes, recolle lendas, cancións e humoradas, inventa sucesos e transforma o acontecer cidadán sen perder nunca de vista a pegada da historia.

No universo foleano aparecen entón Neumandro, don Fabulón, o Magister Gaudiosus, Farruco de Caldas, Lexandre de Arcos, Xelos de Orbán, Basiliense, Fole de Navia, Tudense II, Vicense, Eginardo de Tor, Lucus, Lucense ou Lucencio, personaxes e autores dos que bota man para facer de Lugo un antecedente literario do Macondo colombiano. Un Lugo que sae da retorta onde mestura devezos aristocráticos con sentimentos socialistas, e casas brasonadas con tugurios ruíns.

En 1930, Fole participa na fundación de *¡Abora!* –Semanario republicano de Política, Cultura e Información–, que dirixe Avelino López Otero. Problemas coa inscrición por ter rexistrado Luís Montiel un nome semellante, obrigan a trocar a cabeceira pola de *Guión*, que utiliza o mesmo subtítulo ata o último número en que se fai chamar *Semanario de Izquierdas*. Alí vai publicar durante pouco máis dun ano con José María Castroviejo, Álvaro Cunqueiro, Otero Espasadín, Arturo Cuadrado, Francisco Lamas, Adolfo Posada, Luís Manteiga, Víctor Casas, Antón Villar Ponte, Vicente Risco, Luís Bouza Brey, Fiz Mosteiro, José Gayoso Veiga e Luís Seoane, entre outros.

A radicalización política amosada no subtítulo do último número (1-V-1931) amolou ós seus patrocinadores, de tal xeito que unha parte dos colaboradores, Fole entre eles, anuncian a súa marcha, e meses despois, a fundación de *Yunque* –Revista político-literaria–.

*Yunque*, dirixida por Fole, terá como colaboradores a Cuadrado, Pimentel, Cunqueiro, Santiso Girón, Lamas, Ánxel Johán, Seoane, Manteiga e Martínez Barbeito. Entre os seus números destaca o extraordinario do Día da Galicia, e o sexto, no que *Yunque* publica por primeira vez o “Madrigal á cibdá de Santiago” de García Lorca, que coñecera a Fole, Cunqueiro e Lamas co gallo dunha conferencia en Lugo. Sabedor da existencia de *Yunque*, Federico anticipalle o madrigal para a revista.

Do ano 1934 data o primeiro artigo de Fole en galego, un achegamento lingüístico que o autor de *Terra brava* explica pola vía emocional, ou estética, como querendo dicir que se o galego non fose “a lingua fermosísima” que é, el seguiría a escribir en castelán, idioma que nunca abandonou, como tampouco a súa afervoada admiración pola prosa de Miró, Valle ou Baroja.

Do galego chamáballe a atención a súa elasticidade, ó tempo que consideraba a uniformidade coma un sinal de pobreza espiritual: “Nunca fun defensor do galego puro; máis ben fun defensor do galego vareado, rico, tal como aínda se fala hoxe en moitas comarcas”.

Dos anos 32 ó 36 é tamén *Resol, Hojilla volandera del pueblo*, fundada e dirixida por Arturo Cuadrado en Santiago, na que Fole participa con Risco, Dieste, Castelao, Otero Pedrayo e Cunqueiro. A distribución era gratuítala e cada número utiliza “papel azul, rosado, marelo ou rubio”, como deixou escrito nun dos varios artigos dedicados á súa lembranza. Fole edita o seu número dez na imprenta Villamarín o 25 de xullo de 1936: “Pois si –contaba o escritor–, tiven a inconsciencia, non digo valor, de publicalo de forma clandestina, claro.”

Na imprenta Villamarín quedou para sempre o orixinal do que podería ser o primeiro libro de Fole, *Auga lizgaira*, ó que pertencen dous anacos aparecidos en *Nós*: “Idilio na insua” e “Eu e o meu corazón”.

Outra publicación en que atopamos colaboracións de Fole é o Semanario Gallego de Izquierdas *Ser* (1935), que funda en Santiago Ramón Suárez Picallo, pero que estaría durante varios números ó coidado de Francisco Fernández del Riego, con Blanco Amor, Paz Andrade, Lois Peña Novo, Seoane, Villar Ponte e Manteiga na nómina de colaboradores.

A guerra veu interromper a actividade xornalística de Fole, que pasa momentos críticos pola súa significada militancia política. Estes anos escuros están marcados polo medo á represión e polas estreiteces económicas. A grafía de Fole, que antes da contenda civil é limpa e lexible, vólvese incompreensible ata o punto de que na Veiguiña debe ser a muller de José Luís Quiroga quen pase a man parte dos seus contos e tódalas colaboracións que remite a Santiago ou Vigo.

“Crinme sempre incapaz de escribir directamente a máquina –díxome Fole para un libro de conversas–, primeiro tiña que escribir a man, e despois a máquina. Cando me decatei, non sei cando nin como, atopeime que escribía directamente a máquina, e que me era imposible escribir a man antes, e logo mecanografíalo.”


Abraiado pola vesania que trouxo a guerra, Fole pensa na necesidade de homenaxear ás persoas de bo corazón e matina na redacción dun *Censo de boa xente* no que incluíría ó párroco de San Pedro, Avelino González, ó secretario do Instituto, Luís Varela Novo, e ó oculista Leopoldo Gasalla, entre outros. Aínda que nunca rematou o censo, o certo é que na obra de Fole sempre houbo unha admiración e un recoñecemento para esa xente que, coma el, non estaban dotados para o mal.

Cando no ano 1941 Xosé María Castroviejo chega á Dirección de *El Pueblo Gallego* solicita de Paco Fernández del Riego unha colaboración literaria. O escritor de Lourenzá intercede por Luís Manteiga e mais por Fole, conseguindo para eles unhas

seccións remuneradas que axuden a termar das dificultades económicas. Segundo Francisco Leal Insua, non foi Paco del Riego o introductor de Fole en *EPG*, senón Julio Sigüenza, redactor do xornal vigués que durante un tempo levou a dirección en estreito contacto telefónico con Portela Valladares dende Madrid.

Ámbalas dúas versións son certas: Sigüenza acolle as colaboracións de Fole nos anos da República, “cuns ingresos mensuais realmente de certa importancia, que me permitían vivir moi ben”, como recolle Carlos Casares nas súas conversas co escritor, e Castroviejo devólvelle a categoría de pluma remunerada, xa na posguerra.

Nas páxinas de *EPG* Ánxel Fole comeza asinar os seus traballos co pseudónimo de Neumandro –home de espírito–, mentres Manteiga utiliza o de Abel Quijano. Alí escribe as “Estampas do Lugo vello”; moitas delas pasarán a engrosar o *Cartafolio*, como ten recollido Rodríguez Fer. Neumandro xorde o ano 1935 cun artigo sobre as festas do San Froilán e despois, concretamente o 19 de novembro de 1943, aparece por primeira vez esta firma en *El Progreso*, baixo un artigo da serie “Kaleidoscopio de Lugo”.





Pero será no ano 1957 cando Fole fique definitivamente vencellado á Redacción de *El Progreso*, sendo director do xornal lugués Puro de Cora, con Trapero Pardo de subdirector e Alejandro Armesto no cargo de redactor xefe, en substitución de Francisco Leal Insua, nomeado director do *Faro de Vigo* no ano 1949. Destas datas, mediados os anos cincuenta, xorde o nome definitivo do “Cartafolio de Lugo”, galeguizado en ocasións como “Cartafol de Lugo”.

Leal, que coñecía a Fole das tertulias nocturnas na Redacción de *El Progreso*, abriulle as portas do *Faro* e alí, con Julio Sigüenza e Díaz Jácome no equipo directivo, puido trampear a fame e saír adiante.

Paco del Riego conta con Fole unha vez máis cando o director de *La Noche*, José Goñi Aizpurua, contacta con el e mais con Xaime Isla Couto para levar adiante un suplemento literario do xornal que sairá os sábados dende o 15 de outubro de 1949. O resultado é de tanta calidade que as autoridades deciden prohibilo pouco despois (28 de xaneiro de 1950). Neumandro colabora no éxito e na desgracia do proxecto.

O animador do suplemento compostelán analiza a escritura foleana e di: “O seu é un estilo e tempero, en certo xeito, de periodismo literario: unha sorte de equilibrio realista entre a razón, o temperamento e o xorne, que se manifestan sen brúidos inútiles, únense no camiño e abrollan a xorros da súa inspirada pluma.” No mesmo senso, Raimundo García Domínguez, *Borobó*, falou do “gracioso desafogo” que amosan os seus artigos, “pronto de escritor de raza, que molla a súa pluma en tinta e non en almibre”.

Durante os anos 1947 ó 1956, a BBC londinense mantivo un programa semanal en galego chamado *Galician Programme* e dirixido polo ourensán Alexandro Raimúndez, que utilizaba o sobrenome de Xavier Fernández. A través de Paco del Riego, Fole

colabora en varias ocasións, como o 1-V-50, en que a emisora difunde a súa “Lembranza de Xesús Corredoira”, e o 5 de decembro de 1951, data en que se emite “Paisaxe e Saudade” (*Landscape and nostalgia*) na voz de Raimúndez. Tamén le o conto “O traxe de meu tío”. Trinta anos despois, RNE ofreceulle unha colaboración, pero o escritor xa non está con folgos para arrostrala.

Do mesmo xeito, cando se lle pregunta se está a recoller as súas memorias, Fole contesta dicindo que non, “porque con tantos anos fatígame moito escribir. Chegou un momento que me gustaba máis escribir ca ler. Hoxe esa necesidade xa desapareceu, aínda que de vez en cando escribo algúns artigos”.

Mais non adiantemos acontecementos. Estamos en 1954 e dende o seu primeiro número, a revista de Luís Seoane en Bos Aires, *Galicia Emigrante*, conta tamén coa participación de Fole, que nesa data fala de Manuel María. O poeta vén de publicar o seu quinto libro, un dos máis emblemáticos da súa extensa obra: *Terra Cha*. O artigo leva un debuxo de Fole feito por Seoane en 1931.

Para o número 3, o escritor remite novas del e dos seus amigos lucenses, unha circunstancia nada frecuente nas súas colaboracións. Deste xeito podemos ler: “Ei de decire que eu viaxo vestido coma un labrego da montaña, con traxe de pana, zapatós, boina, zamarra e cachá ou cachaza (...) Fai sete anos que vivo no campo. De cando en cando vou dare unha voltaña por Lugo. Tres anos seguidos estiven sin achegarme por alí.”

A montaña lucense, Pimentel ou García Lorca son outros temas tratados por Fole en *GE*, que no seu número 29 (1957) publica unha entrevista de Salvador de Lorenzana na que presenta a Fole como “a grande revelación”.

Para Álvaro Cunqueiro, Fole foi tamén a revelación de “artexos de beleza que denantes xamais existiran”, como deixou escrito en *Vida Gallega*, unha publicación na que asemade atopamos a sinatura de Ánxel Fole. Lembra Dionisio Gamallo Fierros que o día que Fole coñeceu a gabanza de Cunqueiro en *VG* levou unha das súas meirandes satisfaccións, “día triunfal na vida do infantilista trascendente Angelito”.

O seu amigo e valedor, Domingo García Sabell, tampouco aforra loubanzas para se referir ó galego de Fole, “un galego fluído, plástico, popular, radicalmente popular, e con iso, sotilmente artístico, pura e finísima ledicia”.

Xa en *El Progreso*, Fole e Armesto organizan e convocan dende as súas páxinas un “Parlamento de las Letras Galegas”, que no seu momento (1961) serviu para coñecer a situación da literatura en Galicia e presentar unha serie de cuestións sobre lingua e cultura que hoxe poden parecer nimias, pero que daquela tiñan toda a forza da costestación ó réxime. O “Parlamento” está recollido nunha edición de María Xesús Amado Silvar.

Armesto ten definido ó autor lucense coma un “periodista de la mejor estirpe”, e consecuente con ese xuízo proponlle realizar un “Cartafolio de España” a semellanza do “Cartafolio de Lugo”. Armesto publicaríao en *Arriba*, xornal do que foi director nos primeiros anos setenta. Fole desbota tal posibilidade cun: “¡Que se me perde a min fóra de aquí!”

En *El Progreso* e na *Hoja del Lunes de Lugo*, o escritor alenta unha tras outra seccións de lembranzas e comentarios como “Estar al siglo”, “Punto final”, “Índice”, “Letras gallegas”, “Hay que ver...”, “Penumbra de los años”, “Novo do trinque”, “Andar y ver” ou “Tertulia del sábado”, ademais do “Cartafolio / Cartafol de Lugo”, que resumen as súas inquedanzas culturais, as pescudas filolóxicas, ou mesmo as súas debilidades gastronómicas.

Dos trinta anos que Fole formou parte da paisaxe na Redacción de *EP* poderíanse tirar un milleiro de anécdotas, case que todas elas relacionadas co seu bo humor e coas bromas que constantemente organizaban ó seu redor os xornalistas e os administrativos, en especial Armesto, Manuel Pérez López, Rivera, Sánchez Carro, Sánchez Pombo, López Castro, Siso e De la Vega, os máis parrandeiros. Don Ánxel non só participaba de boa gana nas chacotas, senón que as reclamaba cando ninguén lle prestaba atención.

No día da inauguración das novas instalacións de *EP*, don Ánxel achegouse pola Redacción para asistir á festa. Abriu a porta e ó ver entre os invitados á representantes do Exército, da Policía, da Garda Civil ou da Cruz Vermella, exclamou: “¡Sí señor! ¡Qué bonito! ¡Cuanto uniforme! ¡Voume!”, e non apareceu no resto da xornada.

Pola contra o escritor era o primeiro á hora de celebrar enchedelas dentro ou fóra de Lugo. Para os desprazamentos –por suposto, nunca tivo carné de conducir–, utilizaba os coches de Pedro de Llano, *Bocelo*, Sánchez Carro, Siso ou Manuel Rodríguez López, o escritor de San Miguel de Paradela que xuntou esas experiencias compartidas con Benxamín Andrade no libro *Viaxes con Ánxel Fole*.

O 10 de maio de 1970, unha semana antes da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Marcial Valladares, Fole comproba que a páxina literaria de *EP*, un dos seus grandes sonhos, é unha realidade. En efecto, “Táboa redonda” comeza a súa andaina, nun principio coa colaboración de Juan Soto e de quen isto asina; logo e pouco a pouco cunha nómina de poetas, narradores, profesores,

xornalistas e críticos que supera os douscentos nomes. O primeiro, fóra dos citados, foi Xesús Alonso Montero; máis adiante participaron na páxina ou no posterior suplemento, Xesús González Gómez, Ramón Fernández Mato, José Luís García Mato, Trapero Pardo, Adolfo de Abel, Fiz Vergara Vilariño, Manuel María, Lois Diéguez, Celestino Fernández de la Vega, Luís Rodríguez, Juan Bautista Varela de Vega, Pepe Gesto, Carlos Casanova, Manuel Celso Matalobos, Gerino Núñez, Hernán Naval, Dionisio Gamallo, Olga Díaz, Ramón Reimunde, Araceli Herrero, Pablo Moure Mariño, Xosé Lois García, Manolo Meiriño, Paco Martín, Ramón Pernas, Antón Grande, Isabel Gómez Rivas, Claudio Rodríguez Fer, Xavier Rodríguez Barrio, Gerardo Pardo de Vera, Isaac Díaz Pardo, Miguel Anxo Murado, Antón López Dobao, Nicanor Rielo, Narciso Peinado, Manuel Blanco Castro, Manuel Rodríguez López, Pedro Ruibal Pardeiro, Constantino Bértolo, Darío Xohán Cabana, Manoel Rico Vereá, Enrique Chao Espina, Juan Marcial Pereira, Xosé Landeira Yrago, Antón Costa, Pablo Rubén Eyré, Xesús Rábade Paredes, Eduardo Gutiérrez e Nicandro Ares, entre outros.

No primeiro número, Fole presenta a "Táboa" "como un parlamento de altura sobre grandes temas que a todos nos interesan", fai unha lembranza de *Resol* e comenta o cincuentenario da revista *Nós*. Tamén aparece unha nova de Rábade Paredes, unha cousa de Castelao e a sección biográfica de escritores lugueses que viñamos publicando Juan Soto e mais eu dende había uns meses.

No número dous, Neumandro acusa: "Antre os piores enemigos do emprego cotián da fala galega atópanse moitos que falan moi mal o castelán." "TR", que deu oportunidade de publicar a moitos novos creadores, entre eles a Rodríguez Fer, mereceu o premio da Asociación de Libreiros de Galicia, e nos seus quince anos de vida

ó coidado de Fole, de Juan Soto e nunha terceira etapa, de Xosé María Álvarez Vilabril, foi un espacio aberto para a análise das cousas "que a todos nos interesan", como desexaba o seu creador na presentación.

Ademais das publicacións citadas, Anxel Fole colaborou, ó menos unha vez, nas seguintes: *Mensajes de Poesía*, *Alba*, *Cartel*, *Chan*, *Fronte e Cocote*, *En Punta*, *Galicia*, *Tempo Galego*, *Grial*, *Lucus*, *Ínsula*, *Númen*, *La Voz de Galicia* e *Vieiros*. Tamén cómpre lembrar o seu traballo como correspondente da axencia Febus en Lugo.

O domingo 4 de maio de 1986, Fole concédenos a súa última entrevista a Pilar Ortega, a Rafael Torres e mais a min. Publicada en *EP* do día seguinte á súa morte, o 10 de maio, e asinada por Rafael Torres, extraemos dela o seguinte parágrafo: "La vejez es terrible, porque parece como si soplara un viento de muerte sobre mis amistades. Yo qué sé la racha de amigos que se murieron en estos últimos años; me quedé solo para hablar. Es una cosa tremenda, tremenda. Tengo una experiencia muy curiosa: Yo era un hombre robusto y duro, sano, pasaba veinte años sin estar un día en cama. Un día, en la casa del alcalde, de Vicente Quiroga, estaba yo sentado junto a una gran chimenea, me levanté bruscamente y me pegué un gran golpe. Me di cuenta de que perdía el sentido y caí al suelo. Fue un sentimiento maravilloso. Parecía como imágenes que se alejaban y sentí una sensación de comodidad y felicidad extraordinarias. Me vino el sentido, y al revés, las imágenes se me acercaban y tardaban en encajarse, y sentía dolor y desagrado. Me levanté y no dije nada. La muerte, si viene así, es una felicidad."